



**IRCULAR INFORMATIVA SOBRE AS ELECCIÓNS
DOS REPRESENTANTES DO ALUMNADO,
PAIS/NAIS, PROFESORADO E PERSOAL NON
DOCENTE AO CONSELLO ESCOLAR DO CPI
"PROGRESO" DE CATOIRA.**

De acordo co establecido na Lexislación vixente, convócanse, eleccións dos representantes dos distintos sectores da comunidade educativa no Consello Escolar.

Para a súa información, respecto a esta elección, notificámoslle, de forma resumida, os principais aspectos que deberá ter en conta neste proceso.

- α) O Consello Escolar do Centro é o órgano propio de participación nos colexios dos distintos membros da comunidade escolar.
- β) Estará composto por tres pais/nais (un/ha deles/as elixido/a directamente pola ANPA), seis docentes, tres alumnos/as, un representante do Concello, outro de persoal non docente, o secretario, os/as xefes/as de estudo e o director do Centro.
- γ) Nestas eleccións hai **3 vacantes para os representantes do profesorado..**
- δ) En canto aos representantes dos **pais/nais haberá unha vacante.**
- ε) Hai dúas **vacantes no sector alumnado.**
- φ) Hai unha vacante no **persoal non docente.**
- γ) O representante da **ANPA** debe de proposto por dita asociación cada vez que haxa renovación.
- η) O representante do **Concello** debe de ser proposto polo Alcalde cada vez que haxa renovación.
- ι) As candidaturas serán presentadas por escrito (segundo modelo que se facilitará na secretaría) ante a dirección do Centro, como presidenta da Xunta Electoral.
- φ) O voto será directo, secreto e non delegable.
- κ) Todos os alumnos e alumnas de ESO matriculados e escolarizados no Centro son electores e elixibles para o Consello Escolar. As candidaturas serán



presentadas por escrito (segundo modelo que se facilitará na secretaría) ante a dirección do Centro, como presidenta da Xunta Electoral.

- λ) A mesa electoral estará integrada polo director do centro, que actuará como presidenta, e dous alumnos ou alumnas de entre os electores e elixibles designados por sorteo, actuando como secretario o alumno ou alumna de menor idade.
- μ) Poderán actuar como supervisores/as da votación os/as alumnos/as que sexan propostos/as por cada unha das asociacións de alumnos/as no centro ou avalados pola sinatura de dez electores..
- ν) Cada elector fará constar un máximo dun nome da lista de candidatos na papeleta.
- ο) Para poder votar deberá Vd. estar inscrito no Censo Electoral de alumnado que será exposto no taboleiro de anuncios. Se non aparecese no mesmo, fará a correspondente reclamación á Presidenta da Xunta Electoral e Director do Centro.
- π) Se vostede precisa unha información máis ampla, pode poñerse en contacto con esta Dirección
- θ) A Xunta Electoral, constituída o día 7/11/2022, establece, previa aprobación, o seguinte calendario:

Día 07 de novembro (luns):

- Acto da súa constitución
- Aprobación do calendario de actuacións
- Publicación nos taboleiros de anuncios:
 - a) Das convocatorias de eleccións nos distintos sectores educativos.
 - b) Dos correspondentes censos electorais.
- Escrito ao Concello e a ANPA solicitando a designación dos seus representantes

Día 09 de novembro (mércores):

- Publicación e envío das distintas convocatorias (profesores, pais/nais e persoal de administración e servizos
- Circular explicativa do calendario de eleccións

Día 10 de novembro (xoves):

- Comeza o prazo de presentación de candidaturas aos distintos sectores (*o prazo de admisión de candidatos non deberá ser inferior a sete días naturais*) e das posibles reclamacións ao censo.

Día 14 de novembro (luns):

- Envío da convocatoria para a celebración da segunda reunión da Xunta Electoral para o luns 21 de novembro.
- Envío da convocatoria de Claustro informativo (Artigo 35 do Decreto 92/1988) para o luns 21 de novembro.



Día 18 de novembro (venres):

- Remata o prazo de presentación de candidaturas.

Día 21 de novembro (luns)

- **Segunda reunión da Xunta Electoral** (admisión, proclamación e publicación de candidaturas. Aprobación definitiva de censos electorais. Aprobación de papeletas, sobres. Sorteio público de designación dos membros das mesas electorais).
- Fixar horario das votacións de pais e nais ou titores.
- **Reunión do Claustro de profesores** (Lectura de normas, Relación de candidaturas, Acordo de convocatoria de Claustro extraordinario).

Día 23 de novembro (mércores)

- Comezo das campañas electorais.
- Envío circular informativa aos pais/nais do alumnado.
- Envío da convocatoria de Claustro Extraordinario.
- Envío de citacións para a Constitución das mesas electorais.
- Envío da convocatoria para a terceira e última reunión da Xunta Electoral.

Día 24 de novembro (xoves)

- **Terceira reunión da Xunta Electoral** (no caso que haxa reclamacións de candidaturas)
- Envío da convocatoria da cuarta reunión da Xunta Electoral.
- Envío circular informativa aos pais/nais do alumnado lembrando as a data e horarios das votacións.

Día 28 de novembro (luns)

- **Votacións:** Pais/Nais, Profesorado (Claustro extraordinario), Persoal de administración e alumnado.

Día 30 de novembro (mércores)

- **Cuarta reunión da Xunta Electoral:**
- Proclamación de candidatos electos.
- Traslado á Xefatura Territorial das actas correspondentes e o **Anexo I**
- Convocatoria para a constitución do Consello Escolar (Artigo 52 do Decreto 92/1988, DOG de 29 de abril) do día 13 de decembro.

Día 13 de decembro (martes)

- Constitución do Consello Escolar (Extraordinario)
- Designación dos membros da Comisión Económica.
- Designación da persoa responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real efectiva entre homes e mulleres (Artigo 126.2 da LOE).
- Constitución da Comisión de Convivencia Escolar (Artigo 6º do Decreto 8/2015, do 30 de xuño).

Antes do 17 de decembro (luns)

- Traslado da documentación á Xefatura Territorial (Anexo II).

En Catoira, 8 de novembro de 2022

O Presidente da Xunta Electoral,